



DESTINATARIOS

Alumnado que finalice os estudos de bacharelato no curso 2023/24 nun centro docente da Comunidade Autónoma de Galicia cunha **nota media** no bacharelato igual ou superior a **8,75**.



CARACTERÍSTICAS

Os candidatos/as realizarán unha **proba presencial**.

Para optar ao premio deberá obter, en cada exercicio como mínimo un **50% da puntuación máxima**, e un **mínimo de 25 puntos** no total dos 3 exercicios.



DOTACIÓN

Concederanse un máximo de **20 premios** dunha contía de **1.000 €** por premio.



QUEN PRESENTA A SOLICITUDE?

Unha persoa menor de idade NON pode presentar directamente a solicitude (agás que estea emancipada).

» ALUMNADO MENOR DE 18 ANOS OU MAIOR DE 18 TITORIZADO

Actúa a través dun representante legal (pai, nai ou titor/a legal). Só o alumnado de centros privados que non están en XADE debe presentar certificación de representación (p.ex. libro de familia).

» ALUMNADO MAIOR DE 18 ANOS OU MENOR EMANCIPADO

Pode presentar a solicitude directamente, ou ben actuar por medio de representante formalizado co modelo xenérico que se atopa en:

[Sede electrónica](#) > [Trámites](#) > [Modelos xenéricos](#) > [Representación](#)



COMO SE PRESENTA A SOLICITUDE?

» TELEMATICAMENTE (CHAVE365, DNI ELECTRÓNICO, CERTIFICADO DIXITAL)

A través da aplicación **PremiosEdu**

<https://www.edu.xunta.gal/premiosedu>

ou no **código QR**.

Ou a través do formulario normalizado dispoñible na **Sede Electrónica** Procedemento ED311A

<https://sede.xunta.gal>

É imprescindible cubrir todo o formulario (de ser necesario representante e a súa sinatura, datos para efectos de notificación, comprobación de datos...)

» PRESENCIALMENTE

En calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa.



A PROBA

A proba presencial é única en toda Galicia e realizarase de xeito simultáneo en distintas sedes.

Os **tres exercicios** versarán sobre:

Análise e comentario crítico nos dous idiomas cooficiais (20 puntos), primeira lingua estranxeira (10 puntos), unha materia do bloque troncal (elixida na solicitude) (10 puntos).

É obrigatorio levar DNI ou pasaporte para realizar a proba.



MÁIS INFORMACIÓN

Toda a información pódese atopar en:

<https://www.edu.xunta.gal/premiosedu>

ou no **código QR**.

